

NOTA DE PRENSA

A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos apoia o acto en defensa da arquitectura e contra a Lei de Servizos Profesionais cunha concentración esta tarde na Praza da Quintana

Anima a todos os profesionais e á sociedade en xeral a participar na mobilización

Os arquitectos composteláns manifestan o seu pesar por unha lei que supón a “morte da arquitectura”

Santiago, 30 de outubro de 2013 (Vía Láctea Comunicación).- A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia concentrarase esta tarde ás **20:00 horas, diante da sede do colexio na Praza da Quintana**, en apoio á mobilización en defensa da Arquitectura e contra o Anteproxecto de Lei de Colexios e Servizos Profesionais (LSCP, aprobado o pasado 2 de agosto polo Consello de Ministros), convocada esta mañá diante do Museo do Prado de Madrid polo Consejo Superior de Colegios de Arquitectos de España. Os arquitectos defenderon a profesión con debuxos, fotos e reflexións a favor da arquitectura.

Os arquitectos de Santiago expresan o seu apoio a esta concentración e convocan a todos os arquitectos e cidadáns a unirse para manifestar o seu pesar por unha lei que supón a “morte da arquitectura”, unha profesión xa moi castigada pola crise económica.

Ademais, a delegación anima a todos os profesionais e á sociedade en xeral a facerse eco da mobilización participando no acto ou manifestándose a través das redes sociais, co hashtag de Twitter: **#esarquitectura**. “A finalidade desta acción é que todos poidamos manifestarnos difundindo as nosas frases, imaxes e debuxos, e mesmo que a mensaxe chegue máis alá da profesión conseguindo a adhesión doutras institucións e da cidadanía en xeral” –indican desde a delegación–.

Escrito do CSCAE. Motivación e Aspectos Esenciais. Alegación á LSCP:
http://www.cscae.com/index.php?option=com_content&view=article&id=2844:motivacion-y-aspectos-esenciales-alegacione-2&catid=150:presidencia-cscae&Itemid=332

SAÚDOS

Prensa Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia

981 55 44 07

www.arquitectosdesantiago.org

www.vialactea.es